



Asociación de Familiares
de Enfermos de Alzheimer
e outras Demencias de Galicia

MEMORIA DO PROXECTO

PROXECTO COFINANCIADO POR:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL**

"Unha maneira de facer Europa"

Baixo licenza



CREACION DO CENTRO INTEGRAL DE ATENCIÓN SOCIAL E FORMACIÓN EN ALZHEIMER por [ASOCIACION FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA \(AFAGA\)](http://ASOCIACION FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA (AFAGA)) se encontra baixo una Licencia Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 España. Basada en una obra en www.afaga.com.

CENTRO INTEGRAL DE ATENCIÓN SOCIAL E FORMACIÓN EN

ALZHEIMER

AFAGA

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA) é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, debidamente inscrita nos Rexistros nacional e autonómico de asociacións e declarada de utilidade pública.

Constituída no ano 1994, e tras 17 anos de actividade, AFAGA integra xa a máis de 400 socios, converténdose, xunto co resto de Asociacións desta natureza existentes na Comunidade Autónoma galega, no principal expoñente na defensa e atención social das persoas que padecen Alzheimer e dos seus familiares en Galicia. AFAGA foi a primeira asociación de familiares de Galicia.

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA) nace no ano 1994 do interese dun grupo de familiares a raíz da desorientación e falla de información que naquel momento existía respecto desta enfermidade.

AFAGA pertence á Confederación Nacional de Asociacións de Familiares de enfermos de Alzheimer (CEAFA). Co incremento do número de asociacións foi necesario a creación de federacións autonómicas. Precisamente AFAGA foi membro fundador da Federación de asociacións Galegas de familiares de enfermos de Alzheimer (FAGAL). A raíz deste proceso, a Federación Nacional converteuse en Confederación da que actualmente forma parte a Federación Galega.

Dentro dos seus fins máis destacados están a orientación e información tanto a familiares como á poboación en xeral, acercar a realidade Alzheimer ás entidades públicas e privadas co obxectivo de conseguir unha resposta ampla e eficaz ás demandas deste colectivo e estimular e colaborar nas investigacións que sobre esta enfermidade de realicen.

O Centro de Atención Integral

Afaga inicia este ano unha nova etapa ca creación do CENTRO INTEGRAL DE ATENCION SOCIAL E FORMACION. Este centro é posible ca cesión dun local en Vigo na rúa Martínez Garrido de 320 m² e adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Neste centro, pioneiro na comunidade autónoma, prestase servizos, sobre todo, a persoas con Alzheimer e outras demencias en fase leve, os seus familiares e cuidadores e ós profesionais neste campo de atención. O Centro nace para converterse en referencia na investigación social e na intervención non farmacolóxica.

O Centro é un recurso de ámbito comarcal, especializado na investigación, análise, avaliación e coñecemento das mellores fórmulas para a atención sociosanitaria dos afectados, cun enfoque de ligazón, foro de encontro e colaboración co conxunto de organismos e entidades que dirixen e prestan a súa atención a esta enfermidade. Potenciará unha adecuada atención sociosanitaria, a través de accións intersectoriais e da colaboración institucional.

Os programas e os servizos de intervención directa buscan a excelencia, fomentando e promovendo a calidade e a humanización.

¿Qué pretendemos mediante aportación?

Dotar de medios destinados a ->

1.- Novas tecnoloxías para o tratamento non farmacolóxico dirixido a enfermos afectados por unha demencia en fase inicial, inicial-moderado mediante novas tecnoloxías: telegrador, pantallas táctiles, xogoterapias, videoconsolas interactivas...etc.Trátase non só de avanzar nas terapias senón tamén de ofrecerlles diferentes tipos de estimulación que resultan máis amenas para eles e gratificantes para os profesionais, podendo levar un maior e mellor seguimento da evolución do enfermo/a e polo tanto, unha intervención máis eficaz non deixando de lado a estimulación cognitiva e funcional “tradicional”, senón que o utilizamos como complemento.

Ademais , a posibilidade de adquisición dos programas de estimulación, permitiranos traballar cós enfermos no domicilio e controla-los exercicios e avalia-la evolución.

2.- Formación en dúas vertentes:

- Presencial : curso para cuidadores, curso básico para familiares, obradoiros prácticos para familiares, Intervención Multidisciplinar
- Non presencial: formación on-line para profesionais e non profesionais

3.- Facilitar o coidado no fogar: apartado online na páxina web que permita ós cuidadores obter material de estimulación cognitiva

4.- Instalación de programa para o traballo en rede da Asociación ,sobre todo das seguintes áreas de traballo

- ✓ Área de Atención Social
- ✓ Área administrativa

Ata o momento non dispoñamos dun espacio propio onde desenvolve-las actividades formativas pero cá cesión do local e grazas a achega da Xunta de Galicia,estamos a impulsar este área proporcionando máis cursos dirixidos a familiares e profesionais presenciais e non presenciais a través de formación on-line.

Equipamos unha das aulas con todo o necesario para estar á altura dos novos métodos de formación con pantallas de plasma, ordenadores táctiles, proxectores de curta distancia, ordenadores de traballo cós periféricos correspondentes.

Dado que a formación continua dos profesionais deste sector é fundamental, o Centro elabora Plans de Formación Anual dirixido aos profesionais onde, ademais de ampliar os seus coñecementos, poidan intercambiar experiencias e coñecer e difundir as mellores prácticas.

Para o logro dos seus fins, o Centro desenvolve unha dobre misión: atención especializada a persoas coa enfermidade e outras demencias e ás súas familias ou cuidadores principais, e é un modelo de referencia destinado á investigación, promoción e apoio doutros recursos do sector.

OBXETIVOS

A. Obxectivo Xeral:

Promover a mellora da calidade de vida das persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias e das súas familias cuidadoras.

B. Obxectivo específico:

Dotar de medios materias e técnicos ó novo centro para levar ó cabo investigacións no área social e , sobre todo en terapias non farmacolóxicas.

Mellora-la xestión das intervencións non farmacolóxicas

Mellora-lo traballo en rede das Asociación.

ACTIVIDADES/METODOLOXÍA

- ✓ **Obradoiros de estimulación cognitiva e funcional** : realizamos obradoiros para enfermos en fase leve ou leve-moderada luns, martes, xoves e venres durante tres horas . A organización por día consiste en dous grupos de oito-dez persoas que traballan, hora e media có Terapeuta Ocupacional e outra hora e media cá psicóloga cun descanso de media hora.

A psicóloga e o terapeuta utilizan a aula táctil para realizar exercicios de estimulación das capacidades intelectuais superiores como memoria, atención, cálculo e percepción. Cada usuario traballa có seu ordenador para realiza-las tarefas.
- ✓ **Estimulación cognitivo- funcional mediante videoconsolas:** no aula dixital instalamos a Wii e unha Xbox có Kinetic. Ambas detectan os movementos e teñen diferentes xogos de deporte e outros variados que resultan moi lúdicos para os usuarios á vez que traballan dun xeito global funcións cognitivas e motoras.Permiten traballar en grupo entre unha consola e a outra.
- ✓ **Estimulación cognitiva no fogar:** como complemento do Servicio de Axuda no Fogar. Consiste en proporcionar exercicios a persoas usuarias deste servico levado ó cabo por unha auxiliar da Asociación mediante a instalación nun equipo portátil do programa Telegradior domicilio -Telegradior Hospital .
- ✓ **Formación :**
 - Presencial
Programamos para o vindeiro ano un curso para cuidadores no mes de maio do 2012 consistente en un día á semana durante un mes cun total de X horas teóricas e X horas prácticas,

curso básico para familiares: obradoiros prácticos para familiares, Intervención Multidisciplinar. Ademais se impartiu un curso de novas tecnoloxías para profesionais de AFAGA no mes de setembro do 2011 cun total de 8 horas teórico prácticas.

o Non presencial:

Estamos a traballar no desenvolvemento da formación a atención on-line para profesionais e non profesionais na páxina web da Asociación . Estimamos realizar catro cursos de formación online dirixido a toda a poboación no ano 2012.

Ademais, estamos a traballar no material didáctico (cadernos de estimulación cognitiva no fogar, recomendacións , información sobre a enfermidade, documentación social...etc) online que se porá a disposición das persoas que se rexistren la páxina web.

- ✓ **Área de Atención Social** : de luns a venres en horario de mañá e tarde está dispoñible a atención social dirixida a acoller a aquelas persoas que demandan información . A acollida é levada conxuntamente polas dúas Traballadoras Sociais, unha delas dedícase a coordinación dos Obradoiros cós enfermos, a outra á coordinación do Programa de Voluntariado.
- ✓ **Área administrativa** : xestión económica en xeral, captación de fondos, canalización de demandas, contactos institucionais...etc
- ✓ **Reunión de equipo** :Unha vez ó mes celebramos unha reunión interdisciplinar para realizar un seguimento global dos programas que levamos ao cabo.

Os técnicos dos Obradoiros reúnense unha vez á semana (Traballadora Social- Coordinadora, Terapeuta Ocupacional

DIFUSIÓN

Unha vez que rematemos de implanta-las actividades propostas, comezaremos as tarefas de difusión levadas ó cabo polo departamento de comunicación de AFAGA. Contemplará en todo caso, o contacto cá prensa para reportaxes e entrevistas e cás televisións para posibilidade de facer unha rolda de prensa . Diseñaranse folletos e carteis cós novos programas do Centro de Atención Integral indicando que son subvencionadas pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

RESULTADOS OBTIDOS

Respecto ó tratamento dos enfermos/as nunha mostra de 15 usuarios/as do Programa de Obradoiros e o Servicio de Axuda no Fogar:

Atención

Mes	Puntuación
Avaliación Inicial	0.16
1	0.20

2	0.20
3	0.26

Percepción

Mes	Puntuación
Avaliación Inicial	0.24
1	0.26
2	0.26
3	0.30

Memoria

Mes	Puntuación
Avaliación Inicial	0.23
1	0.23
2	0.25
3	0.25

Comparación Lawton e Brody Pre e Post

Pre	Post
3.00	2.50

Aínda que é cedo para chegar a unha conclusión definitiva da implantación das novas tecnoloxías en estimulación, segundo os resultados que imos obtendo froito da avaliación continua mensual pódese observar que se melloran ou manteñen as capacidades cognitivas na maioría dos casos. Hai que ter en conta que os usuarios cós que traballamos non teñen un deterioro cognitivo asociado á idade, o cal permitiría ter un obxectivos máis amplos. O noso obxectivo e sobre todo, intentar mante-las capacidades que os usuarios aínda teñen.

Respecto á formación

- Tivemos 40 persoas asistentes no curso para cuidadores non profesionais.
- Curso básico para familiares 25 asistentes
- Intervención Multidisciplinar : novembro do 2011 (non avaliable ata decembro)
- Non presencial: formación on-line para profesionais e non profesionais: non avaliable ata febreiro-marzo do 2012.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Un factor importante á hora de avaliar a implantación destas novas tecnoloxías e metodoloxías de traballo é que os enfermos afectados por Alzheimer ou outro tipo de demencia melloran pero

dentro dunhas ratios, o feito de que manteñan as puntuacións iniciais e incluso as melloren aínda que sexa pouco, é un obxectivo que estamos a acadar moi positivo. A nivel profesional, vemos como as intervencións son máis eficientes xa que os datos de referencia son máis obxectivos e é o mesmo programa quen avalía, sendo interpretado cada mes polo profesional.

A implantación do Programa en rede está a mellora claramente a organización do traballo e a coordinación da Entidade.

En datos formativos, vemos como vamos aumentando os usuarios participantes tanto profesionais coma informais, a medida que hai máis e mellor información sobre a enfermidade. En canto implantemos a formación e atención on-line é previsible que aumentemos os beneficiarios anuais polo menos nun 80%.

Esperamos ter mellores datos aínda cando estas novas metodoloxías estean totalmente implantadas e en funcionamento durante polo menos, seis meses que será avaliable totalmente.

Como conclusión final deste informe, dicir que estamos a orientar a atención apoiándonos en novas vías de atención e traballo para intentar mellorar a vida dos enfermos afectados por estas enfermidades que atañan non só ós mesmos, senón tamén, e duramente, ó seu entorno por iso é tan necesaria, por outra banda, a formación e a información, facilitando ó acceso a tódolos cidadáns. Así contribuiremos a loitar contra estas doenzas, avanzando.